



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso de verán sobre a nova Lei de estranxeiría

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	9
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2000
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O nomadismo e a transhumancia están na raíz da natureza humana, por ser esas mobilidades un instrumento para a satisfacción das súas necesidades. As migracións individuais, por grupos e incluso de pobos enteiros, foron fenómeno habitual na historia e sono hoxe nun mundo máis complexo, onde os desequilibrios económicos e sociais fan que se poida falar dun terceiro mundo que olla o primeiro (a sociedade opulenta) como a terra prometida e agarda encontrar nel remedio ás súas carencias e, incluso, á súa fame. Eses inmigrantes que nos chegan, fomos nós noutros días. Ese inmigrante que chega á nosa casa, puidémolo ser nós. Ante unha realidade ineludible, que pode ser dramática e ata trágica, a nosa técnica debe consistir en arrefriarmos este tema quente e distanciármolos intelectualmente para estudialo. Trátase, pois, a través deste curso de analizarmos este fenómeno entre todos e desde tódalas súas perspectivas, especialmente na súa dimensión humana coas súas consecuencias sociolóxicas e o seu réxime xurídico. Hai que facer un esforzo para a construción do outro, do estraño ou estranxeiro co propósito de convertelo en próximo, en próximo. A recente Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, vai servir de trama e urdimento para este propósito. Como orzamento ou premissa, para unha primeira delimitación, hai que distingui-lo refuxiado ou asilado e o inmigrante, así como o estranxeiro e o cidadán da Unión Europea. A partir desta presentación, serán obxecto de análise a entrada no territorio nacional e o réxime de visados, os permisos de traballo e de residencia, o dereito do traballador ás prestacións sociais do inmigrante e dos seus familiares, sen esquecer-lo ámbito penal e cunha exposición completa, pero á vez práctica dos procedementos administrativos e da tutela xudicial.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### PROGRAMA

Trataranse estes temas:

- O fenómeno da inmigración en España.
- Conservación e perda da nacionalidade española (no suposto de emigración). A estranxeiría privilexiada e o tránsito da condición de estranxeiro á de nacional (na perspectiva da inmigración).
- A adquisición da nacionalidade. Os problemas de dereito internacional privado. O estranxeiro e o cidadán da Unión Europea.
- Características xerais da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Os procedementos administrativos. Entrada e saída do territorio nacional. O réxime de visados. Permisos de traballo e de residencia.
- O dereito ó traballo do estranxeiro. O traballador estranxeiro. Capacidade contractual e permisos de traballo. As condicións de traballo dos estranxeiros. A Seguridade Social e as demás prestacións sociais (ensino) do estranxeiro e das súas familias.
- Infraccións administrativas e sancións en materia de estranxeiría. A regularización da situación. A expulsión.
- O marco penal da inmigración. O tráfico ilegal de traballadores. Os delitos cometidos neste ámbito. A protección penal do estranxeiro. O estranxeiro no proceso penal.
- O estranxeiro e a tutela xudicial efectiva. O control xudicial da actividade administrativa nesta materia. As medidas

cautelares.

-A emigración como fenómeno humano, sociolóxico e xurídico. A construción constitucional do outro. Xenofobia e discriminación. O estranxeiro.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SADA

**LOCALIDADE:** Sada

**INICIO / FIN:** 27/07/2000 a 28/07/2000

**NUM. PRAZAS:** 300

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Salón Truel do Hotel Marina Sada.

Sada, A Coruña.